

DOCUMENTO-GUÍA

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e vida cotiá.
- Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.
- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.
- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.
- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.
- Incorporar as normas de participación ás rutinas e hábitos de convivencia.
- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas ou cubos e prismas.

- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza. A multiculturalidade como ben da humanidade.
- Amosar interese polos textos escritos, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura.
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas.
- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.
- Participar e gozar de propostas musicais, reproducindo esquemas rítmicos, coas cancións, danzas e xogos de expresión corporal.

Avaliación

Procedementos.

A avaliación será en termos cualitativos e realizarase tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas respectando que sexa global, continua e formativa.

Nos dous primeiros trimestres as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación foron a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos/as e as entrevistas coas familias.

Neste terceiro trimestre, construiremos un diálogo formador coas familias e os nenos e nenas a través dunha comunicación permanente, co fin de analizar o proceso de ensino e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado. Deste xeito, detectaremos e valoraremos os procesos de desenvolvemento do alumnado e analizaremos os seus progresos e dificultades, así como as súas aprendizaxes.

Instrumentos.

Levaremos a cabo un diario de aula a partir da comunicación establecida coas familias e dos documentos compartidos. Deste xeito, recolleremos o que sucede no día a día, accións, relacións e evolución dos educandos.

Ao igual que no segundo trimestre, empregaremos XADE para informar ás familias. O equipo de ciclo seleccionará os indicadores das diferentes áreas que considere máis axeitados, atendendo á realidade das distintas escolas que conforman o CRA e á excepcionalidade do momento presente.

Atendendo ao establecido na Resolución do 27 de abril de 2020 levaremos a cabo un informe final individualizado de avaliación no que imos recoller unha valoración global do curso. Así mesmo, faremos un especial fincapé nas dificultades a salientar do alumnado do último curso para que estes aspectos poidan ser tidos en conta no vindeiro ano académico. Este informe recollerá os seguintes aspectos:

- Datos do neno/a.
- Valoración da participación e traballo realizado polo educando ao longo do curso e durante o período de confinamento.
- Apreciación do grao de adquisición das competencias propias da etapa.
- Dificultades atopadas no proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación final será cualitativa en función das dúas primeiras avaliacións, pero tamén tendo presente a evolución do educando no terceiro trimestre.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades.

Atendendo á situación excepcional na que nos atopamos e ao establecido na Resolución do 27 de abril de 2020 o centro publicará semanalmente na páxina web propostas globalizadas que favorezan o desenvolvemento das competencias propias da etapa.

Trátase de propostas diversas que recollen os contidos propios das diferentes áreas do Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o Currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais das propostas globais indicadas, faremos un especial fincapé na Semana das Letras Galegas (11-15 de maio), no Día da Familia (15 de maio) e no Día Mundial do Medio Ambiente (5 de xuño).

Metodoloxía.

Partimos de poñer en práctica unha metodoloxía pensada para favorecer o traballo colaborador e o protagonismo do alumnado respondendo á diversidade.

Seguiremos unha metodoloxía baseada en preguntas, en buscar as respostas (diversas e ricas). Trátase de escoitar ao alumnado, de partir da súa curiosidade natural, da búsqueda infantil de respostas para establecer o coñecemento das cousas, da realidade.

Pretendemos fomentar a creación e construción de contidos en formatos novos a partir dunha alfabetización colaboradora.

Tal e como foi recollido, as propostas serán publicadas na páxina web do centro.

Materiais e recursos.

Os materiais e recursos para as propostas serán seleccionados atendendo aos diferentes contextos familiares e á situación excepcional na que nos atopamos.

As actividades serán de tipo manipulativo e requirirán recursos sempre presentes no ámbito doméstico.

Información ao alumnado e ás familias.

O centro publicará na páxina web as propostas e as titoras e titor manterán unha comunicación permanente ao longo da semana coas familias e nenos e nenas a través dos medios oportunos, atendendo ás diferentes realidades, proporcionando apoio e dispoñibilidade para todo o que precisen.

Ao remate da semana, cada mestre/a chamará ás familias da súa escola para valorar as propostas, a súa idoneidade e as dificultades atopadas.